

3º EXERCICIO: COÑECEMENTO DA LINGUA GALEGA

INSTRUCCIÓNS:

1. - Non abra nin lea o interior deste caderno ata que se lle indique.
2. - Esta proba consiste nun cuestionario non eliminatorio de lingua galega de 10 preguntas tipo test con 2 de reserva, que deberán ser contestadas a continuación do recadro "Galego" entre os números G1 e G12, da "FOLLA DE RESPOSTAS".
3. - O tempo total de realización do exercicio, é de **15 minutos**.
4. - Todas as preguntas teñen catro respostas alternativas, sendo unha a correcta. As respostas correctas sumarán **0,50** puntos, as non contestadas non terán valoración algunha e as contestadas erroneamente restarán **0,125** puntos.
5. - Comprobe sempre que o número de resposta que sinala na "FOLLA DE RESPOSTAS" é o que corresponde ao número da pregunta do cuestionario.
6. - Este cuestionario debe utilizarse na súa totalidade como borrador das respostas elixidas, para non marcar unha resposta ata estar totalmente seguro/a.
- 7.- A resposta correcta marcarase cun **X** ben feito dentro dos límites do recadro. De ter que anular algunha resposta, o recadro da resposta que se marcou incorrectamente ten que encherse por completo.

Unha vez que se anule, xa non poderá recuperarse de novo dita opción de resposta.
8. - Ao rematar o seu exercicio, advirtao á organización para a súa recollida. Debe entregar a "FOLLA DE RESPOSTAS" no lugar que lle indique a organización, onde lle entregarán a última folla autocopiativa. Ao abandonar o recinto **NON** poderá levar ningún cuestionario de preguntas. O Servizo Galego de Saúde facilitaralle o acceso aos mesmos a través da páxina web: www.sergas.es , logo de finalizados os tempos de exame.

***LEA DETIDAMENTE AS INSTRUCCIÓNS
QUE FIGURAN NO REVERSO DA FOLLA DE RESPOSTAS
PARA O SEU CORRECTO ENCHEMENTO***

1. Indique a palabra de xénero feminino:

- A) Marxe.
- B) Leite.
- C) Sangue.
- D) Pé.

2. Sinale a relación INCORRECTA singular/plural:

- A) Mazá / Mazás.
- B) Amor / Amores.
- C) Can / Canes
- D) Sol / Soles.

3. Indique a frase CORRECTA:

- A) Hai que ter moito coidado con esa costilla.
- B) Cústalle conciliar o sueño.
- C) Hoxe teño moita dor de cabeza.
- D) O limoeiro é un arbol froiteiro.

4. Sinónimo de TEIMA:

- A) Fixación.
- B) Bruxa.
- C) Rotura.
- D) Ganancia.

5. Indique a frase INCORRECTA:

- A) A súa ilusión era formar un fogar.
- B) Perdeu moitos cartos xogando.
- C) Mañá comemos peixe.
- D) Oxe xantamos mui tarde.

6. Indique a frase CORRECTA:

- A) A vacina é dunha soa dose.
- B) A vacuna é dunha soa dose.
- C) A vacina é dunha soa dosis.
- D) A vacina é dunha sola dose.

7. Sinale cal das seguintes palabras NON se refire a unha parte do corpo humano:

- A) Beizo.
- B) Xeonllo.
- C) Nocello.
- D) Asubío.

8. Indique a palabra INCORRECTA:

- A) Prescrición.
- B) Doante.
- C) Obxectivo.
- D) Pranta.

9. Sinónimo de ACOUGAR:

- A) Descansar.
- B) Esganar.
- C) Cortar.
- D) Almorzar.

10. Sinala cal das seguintes palabras NON se refire a unha parte do corpo humano:

- A) Pescada.
- B) Embigo.
- C) Pulso.
- D) Perna.

Preguntas de reserva

1. Sinónimo de TOLEMIA:

- A) Ataraxia.
- B) Entendemento.
- C) Acougo.
- D) Loucura.

2. Sinónimo de GROMO:

- A) Trasno.
- B) Furúnculo.
- C) Abrocho.
- D) Trono.